

O RUC

É o repositorio institucional da UDC. Ofrece acceso aberto ao texto completo de documentos creados polos membros da UDC no seu labor de investigación e docencia.

O seu obxectivo é dar maior visibilidade a estas publicacións e asegurar a súa preservación e accesibilidade. O RUC organízase en 6 grandes comunidades:

1. Investigación: é a comunidade máis ampla. Recolle os documentos creados polos docentes e investigadores da UDC no seu labor de investigación. Alberga dúas coleccións:

- **Teses:** recolle todas as teses de doutoramento lidas na UDC a partir de febreiro de 2012, coa excepción daquelas suxeitas a cláusulas de confidencialidade ou xeración de patentes. Tamén recolle as teses de doutoramento anteriores a febreiro de 2012 lidas na UDC que contan coa autorización dos autores para o acceso ao seu texto completo.

- **OpenAIRE:** contén as publicacións resultantes das investigacións financiadas pola Unión Europea no marco do 7PM e do programa Horizonte 2020.

2. Revistas UDC: recolle os contidos das revistas editadas polo Servizo de Publicacións da UDC.

3. Congresos e cursos UDC: recolle os contidos de diversos congresos e cursos que tiveron lugar na UDC.

4. Biblioteca-Coleccións especiais : por agora, alberga a Colección Francisco Pillado Mayor, formada pola imaxe dixitalizada de todos os carteis e fotografías que forman parte da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, situada na Biblioteca da Facultade de Filoloxía da UDC.

5. Traballos académicos: inclúe os traballos fin de grao e de mestrado .

6. Docencia: recolle materiais docentes e obxectos de aprendizaxe creados polos profesores e investigadores da UDC no seu labor docente.

Dentro destas comunidades pode haber subcomunidades e coleccións. As coleccións son agrupacións de documentos, normalmente do mesmo tipo (artigos, ponencias, etc.).

Ademáis de todo isto, ofrece servizos de guía e FAQs en materia de copyright, depósito de documentos polos propios autores e servizo de alertas.

Universidade da Coruña. Servizo de Biblioteca Universitaria. Sección de Información e Referencia